

Fole enteiro, si señor.

Anxo Tarrío Varela

É ben sabido que a crítica literaria do século XIX mostrárase partidaria de remexer na vida dos artistas e dos escritores, na súa contorna familiar e social, nas súas ideas e crenzas coa fin de elaborar as conclusións, case sempre ateigadas de redobres éticos e morais, sobre a obra de arte observada, que era vista, xa que logo, a través dun cristal de cor que determinaba a bonanza ou a maldade da obra en si, segundo fose, precisamente, a cor do cristal con que se mirase, como ben atinou a dicir en verso o decimonónico e indixesto poeta (aos ollos de hoxe) Ramón de Campoamor.

Os métodos críticos máis afortunados do século XX, pola contra, favoreceron en exceso a atención ao produto final do proceso artístico: a obra en si, deixando en penumbra a biografía do autor, que só interesaba como mero intermediario entre o caos e a forma. Deste xeito, todo o que compría dicir dun obxecto artístico estaría presente dun xeito inmanente nel mesmo e, fundamentalmente, na súa estrutura profunda, moito máis importante que a aparencia. E calquera consideración procedente do exterior era tomada como algo impertinente e secundario. Neste final de milenio e despois dese século de estruturalismos e de formalismos parece que as cousas van tomando un aquel menos restrictivo e adoptando un certo eclecticismo (enriquecedor, nalgúns aspectos, empobrecedor, noutros) mediante o cal todo aquilo que participa máis ou menos activamente no proceso ou circuito que se establece entre a elaboración da obra polo artista e a súa recepción polo lector ou consumidor debe ser obxecto de atención e, dende logo, susceptible de estudo, pois a literatura xa non se comporta só como un conxunto dinámico de textos portadores de valores (cambiantes) de todo tipo que loitan por ocupar o centro dun canon, senón como un sistema ou institución social que se autorregula e tamén como unha mercadoría sobre a que non cabe pronunciarse estética, ética ou moralmente, senón, fundamentalmente, en termos de facturación.

Carlos Casares acaba de tirar do prelo un libro titulado *Vida de Ánxel Fole* na colección “Árbore” da editorial Galaxia, orientada, fundamentalmente, cara á adolescencia. Hai varias cousas nel que cómpre salientar, segundo eu o leo. En primeiro lugar, a andadura narrativa, que, axudada polo estilo sempre sinxelo e diáfano da prosa de Casares e por unha tipografía moi agradábel á vista, fai prender axiña na lectura. En segundo lugar é un libro que vai máis alá do que promete o título, pois o autor non se

limita a seguir máis ou menos de cerca a vida de Ánxel Fole (1903-1986), senón que, baseado en conversas que tivera co escritor lugués, en escritos e anécdotas del (e sobre el) e en noticias indirectas, ofrece ao lector moitos datos sobre o seu xorne íntimo e sobre a súa textura intelectual, ética, estética e ideolóxica, de xeito tal que, pouco e pouco, imos tendo un retrato sincrético e completo, físico, psicolóxico e social, do personaxe. Todo entreverado de datos obxectivos que nos van dando noticia sobre o estatus socio-económico da familia e das peripecias da mesma, vividas e sufridas por Fole dende unha persoalidade abondo singular e pintoresca.

E vai máis alá do que promete o título tamén debido a que Casares se interna pola obra de Fole para nos dar as claves que informan o seu quefacer como escritor de contos, nun exercicio de síntese e de claridade que os lectores para quen está escrito o libro agradecerán, toda vez que as píldoras están ben douradas pola amenidade da lectura, e a asimilación do que conteñen seralles de moita utilidade para coñecer a cerna máis verdadeira do escritor lugués. De xeito que nun exercicio de lectura fácil e fluída, que non debe ir máis alá das dúas horas, segundo un cálculo a ollo, os nosos adolescentes poden ter unha idea moi exacta do que foi, do que viviu e do que escribiu Ánxel Fole, sen grandes requilorios teóricos nin escorzos forzados, todo visto dende a simpatía que sen dúbida desperta o personaxe en Carlos Casares, que nos ofrece no seu libriño, certamente, un Fole enteiro e verdadeiro, si señor.

*O Correo Galego*  
1997